

O AMOR QUE PERMANECE

Hlynur Pálmason, 2026

1806

ESTREA EN NUMAX: 08.08.2026 | V.O.S.E. | +12 | 109 min

Ao longo dun ano, unha familia atravesa varios altibaixos emocionais provocados pola separación dos pais. A través de intres íntimos e estraños, revélanse as complexidades do amor, os lazos familiares e o peso das lembranzas compartidas. Cada integrante experimenta a ruptura de xeito distinto, entre o cotiá e o surreal, mentres tentan reconstruír as súas vidas e atopar novas formas de conexión. A historia captura a fragilidade e a beleza dos vínculos familiares en transformación.

«Unha película sumamente tenra»

Guy Lodge, VARIETY



Preguntas e respostas con Hlynur Pálmason: «Tiñamos moitas ganas de coñecer os resultados, así que agardamos á saída do cinema»

Por Le Cinéma Club

Traballaches cos teus fillos nun par de filmes ata agora. Como se involucraron nun inicio no teu traballo? Cando fago cine, rodéome de amigos e xente que me cae ben. Os meus nenos creceron formando parte dos meus proxectos variados: instalacións, curtametraxes, longas. Ás veces os seus papeis son pequenos, como extras, por exemplo, pero noutros proxectos teñen un rol máis grande, *O amor que permanece* ten os papeis máis grandes dos meus rapaces ata agora, pero foi un proceso natural. Simplemente están presentes e son divertidos, e reaccionan con naturalidade á cámara porque é algo que leva diante deles desde que naceron. Danlle unha enerxía positiva ao filme que me encanta. Así pasamos tempo xuntos e vivimos momentos para lembrar.

***O amor que permanece* fíxose nun período temporal longo, que se superpuxo con algunhas das outras películas e curtas que fixeches na última década. Cales son os beneficios deste enfoque de longa duración na realización cinematográfica?**

A forma normal de facer unha película implica escribir algo, desenvólvelo moito tempo, intentar financeiro e despois rodalo moi intensamente en poucos días co equipo ao completo. Pero sempre quixen cambiar iso e rodar con equipo reducido pero nun prazo temporal máis amplo. Isto é porque gozo filmando cousas e despois reaccionando ao que filmei. Sempre tiveron un conflito creativo en canto ao tipo de narrativa que me interesa. Entón, gústame escoitar a narrativa e permitir que a película faga o que queira, prefiro ser escravo da historia e non ditar eu o rumbo.

A creación de Earth Art [arte da terra] é un motivo recorrente nas túas películas, como en *A Painter* (2013) e agora n' *O amor que permanece*. Que é o que che interesa como director desta práctica? Todo o que fago vén da vida. O Earth Art vén de cousas que levo facendo anos. Sempre traballei entre pintura, escultura, fotografía, cinema e vídeo. Estas cousas dialogan as unhas coas outras. Cando souben que quería facer esta película sobre un artista, procurei algún artista en Islandia cuxa obra puidésemos usar. Pero non fun capaz. No seu lugar, atopamos unha actriz xenial e tivemos que crear o noso propio proceso para a súa arte. Así que decidín usar o meu propio proceso, dunha serie chamada “*one winter / process*”, que fago cada ano. Corto formas de metal, colócoas sobre algodón, e deixo que apodrezan durante os fríos meses de inverno. Sempre me pareceu fermoso, visual e físico. Gustábame a idea de que ela traballase a terra e Magnús, o seu ex-marido, traballase o mar.

Comparaches o proceso de *O amor que permanece* coa composición musical. Podes desenvolver a que te refires con esta analoxía? Escribo durante un longo período de tempo, polo que cando unha película comeza a tomar forma, coloco o guión da película nunha parede longa e percórroa escena a escena. Considero que este proceso é moi importante. Na parede, podo sentir o que funciona e o que non. Entón, se non a reelaboro antes de pasar á fotografía principal, acabo sentindo o mesmo ao respecto na edición e no deseño de son. Paso moito tempo na parede e traballando na película coma se fose unha composición. Comezo por un extremo e despois percórroo para ver a película. Se hai problemas, escribo: “Temos un problema aquí” e pégo na parede. Este proceso foi moi útil para min nos últimos dous filmes.